

Realización da "Proba de coñecementos constitucionais e socioculturais de España", en adiante "Proba CCSE" e Proba CCSE-NA", do Instituto Cervantes, cuxa superación é requisito para a obtención da nacionalidade española.

A USC, en aplicación do convenio de colaboración "CONVENIO DE RECONOCIMIENTO DE CENTRO DE EXAMEN DE LAS PRUEBAS DE CONOCIMIENTOS CONSTITUCIONALES Y SOCIOCULTURALES DE ESPAÑA (CCSE) ENTRE EL INSTITUTO CERVANTES Y LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" asinado entre o Instituto Cervantes e a Universidade de Santiago de Compostela en novembro de 2015 e renovado con data de 23 e 24 de xaneiro de 2020, así como do "ANEJO AL CONVENIO DE ENCOMIENDA DE GESTIÓN DEL INSTITUTO CERVANTES A LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA LA REALIZACIÓN DE LAS PRUEBAS DE CONOCIMIENTOS CONSTITUCIONALES Y SOCIOCULTURALES DE ESPAÑA (CCSE) Y LA REALIZACIÓN DE LAS PRUEBAS PARA LA OBTENCIÓN DE LOS «DIPLOMAS DE ESPAÑOL COMO LENGUA EXTRANJERA» (DELE), REGULADOR DE LAS CONDICIONES ESPECIALES DE LAS PRUEBAS CCSE PARA PERSONAS NO ALFABETIZADAS DE ESPAÑA" asinado, convoca a través do Centro de Linguas Modernas (CLM) da USC a realización da "Proba CCSE" e a "Proba CCSE-NA" no período comprendido entre o 23 de xaneiro e o 26 de novembro de 2024.

1. Proba convocada

Compoñentes da proba	Duración	Nº de preguntas
Preguntas de resposta pechada	45 minutos	25

Na páxina oficial habilitada polo Instituto Cervantes <https://exámenes.cervantes.es/presentacion/nacionalidad> atópase toda a información sobre a proba CCSE.

2. Admisión á proba

Os candidatos deben ter cumpridos os 18 anos de idade.

3. Prezo

Para a presente convocatoria o prezo que se aplica é o establecido polo Instituto Cervantes para a proba CCSE e CCSE-NA do ano 2024.

85,00 €

4. Inscripción

4.1. Cada inscrición vincúlase a unha data única da proba elixida e autorizada previamente pola aplicación informática, por estrito orde de rexistro do abono, ata cubrirse as prazas ofertadas. Así

mesmo dá dereito a presentarse ata un máximo de dúas ocasións. Se a persoa candidata non se presenta á primeira convocatoria ou non supera a proba no primeiro intento, pode presentarse á segunda convocatoria no mesmo centro de exame e nun prazo máximo de 6 meses dende a data de inscrición. O propio sistema de inscrición permitirá solicitar a segunda data de proba CCSE despois da publicación dos resultados da convocatoria na que se inscribiu en primeira instancia (uns 20 días despois da realización das probas).

4.2. A inscrición farase a través de Internet dende a páxina web do Instituto Cervantes, na que o/a candidato/a debe rexistrarse previamente (<https://exámenes.cervantes.es/es/usuario/registro>) para acceder ao espazo privado de usuario.

Non se admitirán ingresos colectivos. Cada persoa inscrita nas probas deberá presentar o seu propio xustificante de ter ingresado os dereitos de exame. O persoal encargado das probas poderá solicitar o xustificante de pago antes do exame.

5. Desenvolvemento da proba CCSE: datas, horarios, prazas, períodos de inscrición e lugar de realización

A proba administrárase na Facultade de Filoloxía (Campus Norte) nos meses de xaneiro, febreiro, marzo, maio, xuño, setembro, outubro e novembro de 2024.

CONVOCATORIAS ORDINARIAS

Data de apertura do prazo de inscrición: 7 de setembro de 2023

Proba CCSE 2024	Datas da proba	Horario	Prazas	Data fin de inscrición
Xaneiro	25 de xaneiro	18:00 h	25	4/01/2024
Febreiro	29 de febreiro	18:00 h	25	8/02/2024
Marzo	21 de marzo	18:00 h	25	29/02/2024
Maio	30 de maio	18:00 h	25	9/05/2024
Xuño	27 de xuño	18:00 h	25	6/06/2024
Setembro	26 de setembro	18:00 h	25	5/09/2024
Outubro	31 de outubro	18:00 h	25	10/10/2024
Novembro	26 de novembro	18:00 h	25	7/11/2024
8 convocatorias ordinarias			200 prazas	

CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIAS para persoas non alfabetizadas

Data de apertura do prazo de inscrición: 7 de setembro de 2023

Proba CCSE-NA 2024	Datas da proba	Horario	Prazas	Data fin de inscrición
Xaneiro	23 de xaneiro	18:00 h	5	12/12/2023
Febreiro	27 de febreiro	18:00 h	5	16/01/2024
Marzo	19 de marzo	18:00 h	5	6/02/2024
Maio	28 de maio	18:00 h	5	16/04/2024
Xuño	25 de xuño	18:00 h	5	14/05/2024
Setembro	24 de setembro	18:00 h	5	13/08/2024
Outubro	29 de outubro	18:00 h	5	17/09/2024
Novembro	26 de novembro	18:00 h	5	15/10/2024
8 convocatorias extraordinarias			40 prazas	

Para a súa identificación as persoas candidatas deberán presentarse ás probas provistos obrigatoriamente da documentación establecida polo Instituto Cervantes, maiormente a Tarxeta de Identificación de Estranxeiros (TIE) e pasaporte orixinal.

O desenvolvemento da proba CCSE rexerese segundo a normativa establecida polo Instituto Cervantes.

6. Resultados

O resultado de APTO / NON APTO comunicarse por correo electrónico aproximadamente 20 días despois da realización da proba das convocatorias ordinarias (CCSE) e 22 días despois da realización da proba das convocatorias extraordinarias (CCSE-NA). As persoas candidatas poderán consultalo de forma electrónica no seu espazo privado do sitio web do Instituto Cervantes (<https://exámenes.cervantes.es/es/usuario/inicio-sesion>), ao que poderán acceder cos seus datos de acceso persoais (usuario e contrasinal).

7. Certificación

As persoas candidatas obterán unha certificación electrónica coa cualificación obtida. Estará asinada electronicamente polo Instituto Cervantes e poderán descargala dende o seu espazo privado do sitio web do Instituto Cervantes en calquera momento.

8. Impugnación

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non haxa resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outras consultas ou maior información:

Instituto Cervantes

<https://exámenes.cervantes.es/es/presentacion/nacionalidad>

<https://cau.cervantes.es>

Modalidade oral da proba CCSE-NA

<https://exámenes.cervantes.es/es/ccse/candidatos-no-alfabetizados-en-espana>

<https://exámenes.cervantes.es/es/ccse/preguntas-frecuentes>

Centro de Linguas Modernas da USC

<http://www.usc.es/es/servizos/clm/exames/ccse.html>
clm.ccse@usc.es

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O REITOR

P. D. de competencias, R.R. do 21 abril 2022 (DOG 26 abril 2022)

O XERENTE

Antonio Javier Ferreira Fernández

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27/07/2023 13:53:16.

CSV: D225-7AB3-40C9-BD35